

XOGO DO ESPELLO

Obxectivos:

- Mellorar a respiración
- Traballar a imitación.
- Conseguir a mellor realización das praxias bucofonatorias.

Actividades:

Colocarémolos por parellas e terán que colocarse un enfronte do outro e imitar os seus movementos. Faremos movementos tanto corporais como de praxias (movementos de lingua, para arriba e para abaixo, imitar o son dun cabalo camiñando, o son dunha moto, facendo vibrar os beizos, pasar a lingua por arriba e por abaixo dos beizos coma se estivésemos relamendo o no xeadado favorito, leva a lingua á punta da nariz e tamén ao queixo, cara abaixo, intentar manter o lapis poñendo “morritos” ...).

Para rematar, traballaremos a relaxación xogando o xogo dos globos. Tamén por parellas deberán facer que un é un globo e a outra persoa terá que soprarlle por un dedo para que se inflen e despois soltalo. Os “globos deberán facer que se desinchan caendo o chan suavemente”.

Este exercicio de relaxación farase ao remate de todas as actividades.

XOGO DA LÚA

Obxectivos:

- Acadar a relaxación durante a realización da actividade.
- Mellorar a respiración facendo fincapé na forza espiratoria
- Traballar o sopro fonatorio, concretamente a súa dirección.
- Conseguir a mellor realización das praxias bucofonatorias.

Actividades:

Comezaremos traballando a relaxación. Mandarémolle ao neno/a que faga que dormen, respirando despaciño e profundamente. A continuación faremos que esperte utilizando un despertador. Deberán estirarse e bostezar.

A continuación xogaremos o **xogo da lúa**. Darémolle un globo para que intente inflalo. Os que non poidan que o intenten unhas cantas veces e despois será o adulto o que infle e o ate. A continuación faremos que os globos cheguen a lúa e para iso terán que soprar moito para arriba, evitando que o seu toque o chan.

Para rematar, traballaremos a relaxación facendo o xogo de espertar outra vez, pero esta vez espertaremos con voz suave e a modo para intentar que queden relaxados para seguir o máis tranquilos posible o resto do día.

Materiais: Espertador (alarma do móbil), un globo.

CONTO “A SEÑORA LINGUA”

Obxectivos:

- Mellorar a atención
- Traballar a discriminación auditiva e o ritmo.
- Conseguir a mellor realización das praxias bucofonatorias.

Actividades:

Contaremos un conto no que os nenos deberán participar (<https://www.youtube.com/watch?v=JJ8pgfYCWol>) Este conto está enfocado para que se impliquen na historia, realizando de unha forma lúdica exercicios de praxias, ritmo, vocabulario, discriminación auditiva e atención; e á vez desenvolvan a linguaxe expresiva e comprensiva.

Materiais: conto “A Señora lingua”

INVENTAMOS E DEBUXAMOS UN CONTO

Obxectivos:

- Utilizar correctamente o vocabulario básico adecuado o seu nivel.
- Expresar oralmente ideas, sentimentos e vivencias básicas.
- Participar en diálogos sinxelos e conversacións grupais.
- Seguir comprensivamente exposicións orais sinxelas.
- Traballar a atención.

Actividades:

Xogaremos a inventar un conto para o que lle presentarán aos nenos/as uns personaxes e obxectos (que lle gusten, lle motiven, pode ser calquera xoguete e/ou obxecto da casa co que adoiten a xogar). Comezará o adulto contando a historia e o neno/a terá que seguir contando a historia ou o conto. Intentar que a historia teña sentido e, ao final, terán que debuxar o conto e colorealo. Ese conto poderá levalo á súa aula como recordo do que fixo durante o confinamento, e poderá contalo a todos/as os seus compañeiros/as.

Materiais: obxectos, bonecos para o conto, ceras de cores e un folio.

VEXO VEXO

Obxectivos:

- Favorecer a diferenciación e coñecemento dos diferentes fonemas.
- Fomentar a interiorización da unión entre a letra e o seu son correspondente

Actividades:

Comezaremos a actividade elixindo un fonema vogálico, pedíndolle ao neno/a que diga palabras que comecen por ese son, dándolle incluso a sílaba, por exemplo letra /a/ de avi..... (avión, aboa, abella....), podemos facelo con diferentes sons e, para que lles resulte máis divertido, xogaremos ao vexo vexo, onde cada neno/a elixirá (sen dicir nada) un obxecto da habitación onde estea e terá que dicir, “vexo unha cousiña que empeza polo son /s/ ou /d/”. É importante que faga o SON non que diga a letra, por exemplo para palabras que empecen polo son /S/ que faga /sssssss/ que NON diga “empeza pola letra ese”.

Materiais: obxectos da habitación onde estea.

COMO VOAN AS ABELLAS?

Obxectivos:

- Traballar a posición corporal e os movementos
- Establecer a correcta articulación do fonema /d/.
- Utilizar correctamente o vocabulario básico adecuado o seu nivel.
- Expresarse oralmente.
- Describir láminas e feitos descoñecidos para os demais.
- Participar en diálogos sinxelos e conversacións grupais.
- Traballar a memoria visual e a curto prazo así como a atención.

Actividades:

Traballaremos o fonema /d/ imitando a abella. Mandarémolle poñerse de pe cos cóbados pegados a á cintura e as man tocando os ombros abrindo as palmas das mans como si fosen pequenas ás. Nesa posición teremos que sorrir e cos dentes pechados moverémola lingua e botaremos o aire facendo o fonema d repetidamente /ddddddddd.../ durante trinta segundos.

A partir desta actividade podemos aproveitar e traballar a expresión oral co xogo da descrición. Os/as nenos/as poderán coller unha lámina (ou elixir entre os contos que teñan, unha imaxe dun animal, paisaxe, o que mais lles guste) e mirala durante un tempo, despois describiranlla aos seus irmáns, pais, nais, avós... que deberán adiviñar, de entre varias, da que o/a neno/a describiu.

Unha vez adiviñada a imaxe, dirémoslle ao neno/a que elixa unha imaxe que teña moitos obxectos, debuxos, detalles, cousas...A partir desa imaxe explicarémoslle ao neno/a que, durante uns segundos, deixaremoslle ver esa imaxe fixándose ben en todos os obxectos que poda e despois daremoslle a volta e deberá dicir todos os obxectos que recorde.

Materiais: lámina ou debuxo dunha abella e láminas, láminas ou páxinas de contos con obxectos, paisaxes ou animais.

OS MONOS SABEN FALAR?

Obxectivos:

- Traballar a posición corporal e os movementos
- Establecer a correcta articulación do fonema /u/.
- Potenciar a discriminación auditiva de sons.
- Recoñecemento de sons e discriminación entre longo e curto.
- Traballar a memoria auditiva e a atención.

Actividades:

Traballaremos o fonema /u/ imitando a un mono. Mandarémoslle poñerse en posición corporal imitando a un mono (se temos algunha imaxe que nos poda axudar, mellor) e pronunciaremos o fonema /u/ varias veces (/u, u, u, u, u, .../)

Aproveitaremos e traballaremos a discriminación auditiva. Mandarémoslles tapar os ollos e pedirémoslles que adiviñen de onde veñen os sons que estamos a facer (se temos algún instrumento musical, mellor, senón, calquera son, por exemplo, tocar cun culler nun vaso, romper un papel, pasar as páxinas dun libro, tirar as chaves ao chan...). Podemos complicar máis a actividade facendo soar dous cousas á vez.

Materiais: lámina ou debuxo de mono, instrumentos musicais, obxectos da casa (vasos, chaves, moedas, folios...)

O RATO E O BURRO QUE COMÍAN GUSANITOS

Obxectivos:

- Traballar a posición corporal e os movementos
- Establecer a correcta articulación do fonema /i/ e /o/.
- Mellorar a execución das praxias bucolinguofaciais.
- Estimular a realización de xestos apropiados para a manipulación de determinados obxectos. (expresión xestual).

- Favorecer o desenvolvemento da memoria a curto e longo prazo.

Actividades:

Traballaremos o fonema /i/ imitando a un rato. Mandarémolle poñerse coa posición corporal dun rato (é aconsellable apoio visual a partir dunha lámina ou debuxo para favorecer a imitación) e pronunciaremos o fonema /i/ varias veces (/i, i, i, i, .../).

A continuación traballaremos os fonemas /i/ e /o/ imitando a un burro. Mandarémolle poñerse na mesma posición corporal que un burro (é aconsellable apoio visual a través dunha lámina, debuxo ou imaxe dun burro, para favorecer a imitación) e pronunciaremos os fonemas /io/ varias veces (/io, io, io, io, .../).

Aproveitaremos e xogaremos á expresión xestual facendo o xogo de imitar animais (serpe, león, can, caracol, vaca, ovella...) ou o movemento que facemos cando manipulamos un obxecto determinado (violín, unha taza e mollamos galletas, un termómetro, unha mazá e un coitelo...) ou unha acción (cociñar, xogar ás cartas, ler, debuxar, escribir, facer plastilina...).

Para traballar a memoria aprenderemos unha poesía.

Un día una ola
que estaba triste y sola
se puso a cantar
y desde entonces cantan
todas las olas del mar.

Intentarase que o/a neno/a memorice a rima e despois a recitará (pode axudalo/a un adulto, irmá, pai, nai, avó, avoa...) con diferentes ritmos e entoacións (rap, lento, rápido, con palmadas, bailes...).

Xogaremos tamén a “pescar gusanitos coa lingua”. Botaremos un puñado de gusanitos nunha mesa ou nunha superficie que estea limpa, a continuación, coas mans detrás, os/as nenos/as deberán pescar os gusanitos coa lingua e, antes de metelo na boca terán que sacalo e metelo na boca varias veces, e despois xa o poden comer.

Materiais: lámina, debuxo ou imaxe dun rato e dun burro e un paquete de gusanitos.

COMO FAN AS VACAS?

Obxectivos:

- Traballar a posición corporal e os movementos
- Mellorar a execución das praxias bucofaciais
- Establecer a correcta articulación do fonema /m/

Actividades:

Traballaremos o fonema /m/ imitando a unha vaca. Mandarémolle poñerse coa mesma posición corporal e pronunciaremos a onomatopeia /muuuuu/ (é recomendable apoiarse en imaxes, obxectos ou debuxos para favorecer a imitación da mesma).

A continuación, para traballar as praxias bucofaciais, xogaremos ás carreiras de culleres. Deberán aguantar unha culler cunha bola de papel mentres dan unha volta pola habitación ou salón, a ver quen é capaz de facela sen que se lle caia ao chan.

Materiais: culleres, bolas de papel, lámina, imaxe ou debuxo dunha vaca.

QUEN ESTÁ COMO UNHA CABRA?

Obxectivos:

- Traballar a posición corporal e os movementos
- Mellorar a execución das praxias bucofaciais
- Establecer a correcta articulación do fonema /b/
- Reforzar os músculos linguais e mandibulares.

Actividades:

Traballaremos o fonema /b/ imitando a unha cabra. Mandarémolle poñerse coa mesma posición corporal e pronunciaremos a onomatopeia /beeeee/ (apoiándonos nunha imaxe, debuxo ou obxecto para favorecer a imitación da mesma).

A continuación, faremos xogos para fortalecer os músculos da lingua e das mandíbulas. Poremos enriba da lingua unha palliña que os/as nenos/as terán que aguantala 3-4 segundos, facendo “equilibrio” con ela, sen que caia ao chan. Se son capaces de aguantala, farán “pesas” coa palliña e a lingua, é dicir, intentarán sacar e meter a lingua coa palliña enriba da lingua, sen que se lles caia ao chan.

Materiais: lámina, imaxe ou debuxo dunha cabra, palliña.

O CAN RAMÓN, A PATA MAICA E O GALO PACO SON AMIGOS DE CONFINAMENTO

Obxectivos:

- Traballar as praxias bucolinguofaciais e o sopro fonatorio.
- Establecer a correcta articulación dos fonemas /g/, /u/ e /a/.
- Establecer a correcta articulación do fonema /k/.
- Potenciar a atención.
- Favorecer o desenvolvemento da memoria a curto e longo prazo.
- Interiorizar estruturas rítmicas.
- Potenciar habilidades cognitivas: memoria, percepción, atención...
- Mellorar o uso da linguaxe para explicar cousas.

Actividades:

Para as seguintes actividades é recomendable que para cada un dos animais se empreguen láminas, debuxos ou imaxes que faciliten a comprensión e favorezan a imitación dos mesmos.

Traballaremos os fonemas /g/, /u/ e /a/ imitando a un can. Mandarémolle poñerse coa mesma posición corporal e articular /guau-guau-guau-guau .../).

A continuación traballaremos o fonema /K/ imitando a un pato. Mandarémolle poñerse coa mesma posición corporal e pronunciaremos o fonema /K/ xunto cos fonemas vocálicos /u/ e /a/ (/cuac, cuac, cuac .../).

A continuación traballaremos outra vez o fonema /K/ imitando a un galo, pero irá acompañado por fonemas vogálicos e consoánticos. Mandarémolle poñerse coa mesma posición corporal e pronunciaremos o fonema /K/ xunto cos fonemas /i/ e /r/ (/quiquiriquiiii .../).

A seguinte actividade consistirá en taparlle os ollos aos nenos/as que deberán adiviñar o obxecto que teñen diante mediante o sentido do tacto. Tamén faremos que os/as nenos/as adiviñen que obxecto teñen diante coas pistas dos seus irmáns, pais, nais, avós, avoas...

Materiais: láminas, obxectos e debuxos de cans, patos e galos, obxectos cotiás e antefaces.

ERES UN SAPO OU UNHA RÁ?

Obxectivos:

- Traballar as praxias bucolinguofaciais.
- Establecer a correcta articulación do sinfón /cr/ e os fonemas /o/ e /a/.

Actividades:

Traballaremos o sinfón /cr/ xunto cos fonemas /o/ e /a/ imitando a unha rá. Mandarémolle poñerse coa mesma posición corporal e pronunciaremos /croa-croa-croa .../ (é recomendable que se empreguen láminas, debuxos ou imaxes que faciliten a comprensión e favorezan a imitación do animal concreto).

Materiais: Láminas con debuxos de rás.

ADIVIÑA QUE ANIMAL SON

Obxectivos:

- Traballar a posición corporal e os movementos.
- Mellorar a execución das praxias bucofaciais.
- Establecer a correcta articulación dos fonemas traballados.
- Mellorar a memoria a curto prazo

Actividades:

Esta actividade servirá de repaso dos animais (fonemas) traballados ata agora. Pedirémolles aos nenos/as que recorden como se facía cada animal e cal é o son que emiten ensinándolles ó debuxo. Xogaremos a colocar cada debuxo de cada animal nun lugar da habitación ou da casa e deberán acudir cara o que se faga o son.

Materiais: láminas de animais vistos ata agora (can, pato, galo, cabra, rato, burro, vaca, abella, mono e rá).

QUE CHE GUSTARÍA SER DE MAIOR?

Obxectivos:

- Traballar as praxias bucolinguofaciais.
- Conseguir a relaxación.
- Mellorar o uso da MCL (memoria a curto prazo).
- Entender e executar ordes sinxelas.
- Potenciar o sopro.
- Traballar a posición corporal e os movementos.

Actividades:

Comezaremos traballando a relaxación. Mandarémolles ao neno/a que faga que durmen, respirando despaciño e profundamente. A continuación faremos que desperte. Deberán estirarse, bostezar e facer exercicios coa lingua, labios e boca en xeral, xogando ao xogo do espello, é dicir, imitarán os nosos movementos e nós imitaremos os que

eles/as fagan (sacar e meter a lingua, pasar a lingua polo beizo superior e inferior coma se estivésemos relamendo o noso sabor favorito de xeado, imitar como camiña un cabalo, poñer “morritos” e intentar suxeitar un lapis, levar a lingua á punta do naris e ao queixo, movela para os lados, facerlle “cosquilliñas” ao padal, imitar a un vello sen dentes, facer que lamemos un xeado ou unha piruleta...).

A continuación, darémolles a cada neno/a unha palliña e uns anacos de papeis. Deberán sorber os papeis e trasladalos dun lado da mesa cara ao outro. A continuación, cunha boliña de papel ou de algodón, farán carreiras, dun lado ao outro da habitación, soprando a ver quen chega primeiro (tamén poder facelo con barquiños de papel se prefiren).

Despois faremos movementos de labios, lingua e boca en xeral pero en lugar de por imitación, iremos dicíndolles o que teñen que facer mediante ordes sinxelas de execución.

A seguinte actividade consistirá na imitación de oficios. Comezaremos preguntando:

- . Que fai o carpinteiro? E como fai? Imos facer nós de carpinteiros/as (e facemos a imitación).
- . Que fai o fontaneiro? Como fai? E faremos nós con eles/as de fontaneiros/as.
- . Que fai o froiteiro? E como fai? Agora faremos nós de froiteiros/as.

E así con todos os oficios que se vos ocorran, o importante é que entendan o que se lle pregunta e que saiban facer unha representación dos mesmos a través do seu propio corpo. Tamén, se esta actividade pode apoiarse con algunha imaxe, obxecto ou debuxo que faga referencia a dito oficio, facilitará a comprensión e favorecerá á imitación do mesmo.

Materiais: Espertador (alarma do móbil), palliñas, papeliños de papel ou boliñas de algodón e barquiños de papel (opcional), e láminas de oficios.